

CONSIDERACIONES

Movements migratorios dentro de Galicia

1.- A poboación galega entre maio de 1996 e o un de xaneiro de 2000 descendeu en 10.722 habitantes, pasando dos 2.742.622 habitantes de 1996 ós 2.731.900 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes a un de xaneiro de 2000. Ó longo da serie considerada reflíctese un descenso continuado da importancia relativa da poboación galega no total estatal, que acada un 6,75% no último ano fronte ó 6,91% en maio de 1996.

A poboación concéntrase nas provincias de Pontevedra e A Coruña, nun 74%, mentres que no ano 1996 esta porcentaxe era do 73,8%. Máis da metade da poboación galega reside nas sete comarcas principais da comunidade galega, que pasaron de agrupa-lo 51,7% da poboación no ano 1996 ó 52,5% en xaneiro do ano 2000.

A perda constante de poboación que sofre Galicia nos últimos anos afecta ás catro provincias, pero son as dúas provincias orientais as que

rexistran unha redución maior: Lugo, cunha perda de habitantes do 1,6%, é a máis prexudicada, seguida de Ourense, cun descenso de poboación do 0,5%.

Tamén é moi salientable que sete de cada dez galegos residen nas comarcas que conforman a Galicia occidental-costa, constatándose unha dualidade de comportamento, xa que mentres que nas 24 comarcas da Galicia occidental-costa a poboación segundo o Padrón Municipal de Habitantes do ano 2000 medra en 1.306 persoas, nas 29 comarcas que constitúen a Galicia interior hai unha caída de 13.405 habitantes.

2.- O CES entende necesario constata-lo proceso de desprazamento da poboación residente e nacida en Galicia cara a municipios diferentes dos de nacemento. Neste senso, o 66,5% da poboación total galega que reside nun municipio distinto ó de nacemento vive nas sete comarcas máis importantes en termos de poboación. Esta porcentaxe acada o 73,7% no caso da Galicia occidental-costa. Cabe

destacar que o radio de desprazamento das mulleres é lixeiramente superior ó dos homes, probablemente debido á dificultade que estas atopan para se incorporar ó mundo laboral, feito que se reflicte na elevada taxa de paro feminina, que duplica á masculina.

No conxunto de Galicia, só un 4,4% da poboación total provén do resto do Estado e un 3,4% do resto do mundo, destacando neste último suposto a provincia de Ourense, cun 6% da súa poboación nacida no estranxeiro.

3.- Tendo en conta os datos da variación do valor engadido bruto no período 1996-99, e clasificando as provincias polo seu nivel de eficiencia en canto a súa capacidade para reduci-lo nivel de paro, dedúcese que, en relación á media galega, ningunha provincia compórtase de maneira ineficiente.

A provincia de A Coruña estaría situada no cuadrante que reflicte unha supereficiencia, no senso de que, cun aumento do VEB por debaixo da media, presenta unha redución da taxa de desemprego por riba da media.

As outras tres provincias presentarían unha eficiencia normal. Pontevedra, porque con aumentos do VEB por riba da media presenta unha redución da taxa de desemprego tamén por riba da media. A eficiencia normal das provincias de Lugo e Ourense é debida a que con aumentos do VEB por debaixo da media, presentan aumentos da taxa de desemprego por debaixo da media

4.- A Galicia occidental-costa acolle aproximadamente ó 70-75% das empresas galegas, que xeran o 85% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación, en tanto que as comarcas onde se sitúan as sete cidades máis importantes en termos de poboación acollen en torno ó 65% das empresas e o 80% do VEB.

Esta maior **actividade económica** leva a que as migracións interiores se dirixan cara ás provincias de A Coruña e Pontevedra xa que son estas


dúas provincias as que presentan unha taxa de eficiencia maior na relación incremento do VEB/creación de emprego. Ademais en ámbalas dúas a taxa de ocupación aumenta no período de referencia (2,2 puntos na provincia de A Coruña e 3 na de Pontevedra), mentres en Lugo e Ourense descende un 3,6% e 4,5%, respectivamente. Por outra banda, nas provincias de A Coruña e Pontevedra danse máis do 80% das altas e baixas de demandas de emprego no ano 2000.

Existe unha correlación negativa entre o peso relativo dos sectores industrial, construción e servizos e as taxas de desemprego, de xeito que canto maior sexa o peso relativo dos devanditos sectores económicos, menores serán as taxas de desemprego.

Asemade, os datos mostran, por unha banda, que canto maior sexa a taxa de actividade feminina mellores serán os comportamentos das taxas de ocupación e de desemprego. Por outra banda, atendendo ó nivel de estudos, existe unha relación directa ou positiva entre os activos sen estudos e con estudos primarios e as taxas de desemprego, e indirecta no caso dos activos cun nivel de estudos de secundaria ou superiores.

5.- No que respecta ós **movementos migratorios interiores**, no ano 1999, das 44.587 migracións interiores rexistradas, 36.439 realizáronse entre concellos dunha mesma provincia, sendo a provincia de A Coruña a que rexistra, en termos absolutos, un maior número de desprazamentos, con 17.736, seguida de Pontevedra, con 9.971 movementos, e de Ourense e Lugo, con 5.874 e 2.858. Cara á Coruña diríxense a maioría dos lugueses e pontevedreses e cara a Pontevedra os procedentes de Ourense e A Coruña.

Dos datos presentados dedúcese que estes movementos migratorios caracterízanse por ser de moi curto desprazamento (en torno ó 75-80% dos desprazamentos realizados polos galegos en todo o Estado realízanse dentro de Galicia, e un 60-65% dos movementos teñen lugar dentro dunha mesma provincia), por ter un lixeiro predominio feminino (un 51% dos movementos interiores



galegos corresponde a mulleres; esta maior mobilidade das mulleres dase en tódalas provincias, agás en Pontevedra), e por realizarse por persoas de entre 25 e 34 anos (un 30% das migracións interiores están realizados por persoas con idades comprendidas nesa franxa). A mobilidade das persoas entre 25 e 34 anos pode ter como factor determinante a busca de emprego, mentres que a mobilidade do segundo grupo en importancia, o de menores de 16 anos, pode estar explicada polo acceso ós estudos.

Cabe destacar que o nivel de formación é determinante á hora de atopar emprego, de feito as comunidades autónomas con maior porcentaxe de persoas desempregadas cunha formación de estudos primarios coincide, na súa maioría, coas comunidades autónomas con maiores taxas de desemprego

6.- O CES constata o feito de que en Galicia estanse desenvolvendo **outras formas de mobilidade territorial** máis flexibles como son os longos desprazamentos entre o domicilio e o traballo e os desprazamentos transfronteirizos. Dita mobilidade está condicionada, necesariamente, á mellora das infraestructuras de transporte.

Movements migratorios Galicia - España

1.- A **caída de poboación** que sofre Galicia entre maio de 1996 e o un de xaneiro de 2000 tan só é superada por Castela-León e Asturias. Estremadura e A Ríoxa son as outras dúas comunidades onde descende o número de habitantes nestes últimos catro anos.

A inmigración do resto do Estado non axuda, no caso galego, a recuperar habitantes, xa que en Galicia tan só o 4,4% dos residentes son nativos doutras comunidades do Estado, sendo a comunidade que menor porcentaxe presenta, moi por debaixo da media estatal, situada no 17,8%. Son as comunidades máis ricas as que atraen máis poboación: Madrid (35,7%), Cataluña (27,7%) e Baleares (26,8%). Na cola desta clasificación sitúase

Galicia (4,4%), Andalucía (6,1%) e Estremadura (8,6%).

2.- O igual que ocorría na mobilidade no interior de Galicia, os **motivos económicos** parecen se-la causa destes desprazamentos de poboación, xa que as tres comunidades máis receptoras de habitantes son as que teñen un valor engadido bruto por habitante maior, e as menos receptoras, como no caso de Galicia, é onde este indicador é máis baixo.

As taxas de actividade, ocupación e paro tamén mostran en Galicia unha evolución máis desfavorable que na media estatal. Mentres a taxa de actividade mellorou 0,9 puntos porcentuais desde 1996 ata o ano 2000, fronte ós 1,7 de media estatal, a taxa de emprego aumentou 2,6 puntos (5,5 de media no Estado), e a taxa de paro descendeu 3,8 puntos mentres na media estatal o descenso foi do 8,2 puntos. Galicia é das comunidades onde a evolución do mercado laboral nestes últimos catro anos foi máis negativa.

Galicia sitúase dentro das seis comunidades autónomas que presentan unha evolución converxente, ó aproximarse á media estatal en termos do VEB por habitante e de taxas de desemprego no período 1996-2000. Nembargantes, aínda que se produce un proceso de converxencia coa media estatal, en relación á taxa de paro destaca que Galicia é a comunidade autónoma que rexistra a 5ª maior taxa de desemprego e a que presenta unha redución menor da taxa de paro.

Un dos indicadores da escasa capacidade do mercado laboral galego para absorber traballadores é o escaso número de postos de traballo ofrecidos para a xestión dos servizos públicos de emprego: tan só o 1,4% das colocacións do Estado español se rexistraron en Galicia no ano 2000. Aínda que tamén as altas foron unha porcentaxe semellante (1,3%), non se debe esquecer as elevadas taxas de paro que soporta Galicia.

3.- A **distribución da poboación** residente en Galicia segundo o seu lugar de nacemento

reflicte que, en 1999, a comunidade presenta unha distribución semellante á española no que a persoas residentes nadas en España e no estranxeiro se refire. Non obstante, dentro das persoas nadas en España, en Galicia presentan un maior peso relativo as persoas residentes e nadas na mesma comunidade autónoma, un 92,2% fronte a un 79% no caso español, principalmente por mor dun maior peso da poboación nada na mesma provincia e, dentro deste grupo, polo maior peso da poboación nada no mesmo municipio.

4.- A situación económica pode ser unha das causas determinantes do **saldo migratorio negativo** de Galicia co resto do Estado. Este saldo foi negativo nestes últimos catro anos analizados, cunha progresión ascendente, pasando dun saldo negativo de -1.676 persoas en 1996 a -5.138 persoas no ano 1999.

Para o conxunto de Galicia, a comunidade de destino na maioría dos casos foi Canarias (30,5%), seguida de Madrid (13,9%) e Cataluña (10,2%). Entre as tres comunidades, acollen o 55% das emigracións interiores e o 47% das inmigracións

A comunidade de destino varía segundo a provincia de procedencia. Así, os emigrantes de A Coruña e Pontevedra diríxense, maioritariamente, a Canarias e, en segundo termo, a Madrid, mentres que para os emigrantes de Lugo a primeira comunidade de destino é Asturias seguida de Cataluña e Madrid. Nesta provincia, salienta o importante incremento que está tendo tamén Canarias nos últimos anos. Para os ourensáns a principal comunidade de destino é Cataluña, seguida de Canarias. Tamén nesta provincia os maiores crecementos medios anuais son cara a Canarias.

A nivel provincial, As Palmas é a provincia que acolle á maioría dos emigrantes galegos, que supoñen no ano 1999 o 10,7% do total dos movementos migratorios con destino nesta provincia.

5.- No que atinxe ás **inmigracións** cara a Galicia procedentes doutras comunidades, foron 10.742 os inmigrantes no ano 1999. Os lugares máis habi-

tuais de procedencia son os mesmos que no caso das emigracións galegas cara ó Estado (Madrid, Canarias e Cataluña), o que pode ser debido, en parte, ós emigrantes galegos que retornan a Galicia. Por outra banda, na desagregación provincial obsérvase que cada provincia galega recibe inmigrantes maioritariamente daquela comunidade onde tiña maior peso a emigración provincial.

Movementos migratorios Galicia - Resto do mundo


1.- Do conxunto de inmigrantes desprazados fóra dos países de orixe, aproximadamente un 20% reside en países europeos, dos que ó redor do 2,5% están afincados no Estado español, e destes un 2,4% en Galicia, quedando fóra do alcance do estudio a inmigración ilegal, dada a imposibilidade estatística para avaliala.

As desigualdades existentes entre comunidades en canto a nivel de renda, indicadores de actividade e importancia dalgunhas actividades económicas fan que a inmigración se concentre en determinadas comunidades, sendo a maior concentración en Cataluña (25,2%), Madrid (20,8%) e Andalucía (14,17%). Galicia acolle ó 2,4% do total no ano 2001 (26.612 persoas).

O número de **estranxeiros residentes** en España no período 1996-2001 incrementouse no 105,77%. No caso de Galicia, o incremento foi menor, do 51,08%, o que fixo que perdesa peso o total de inmigrantes residentes en Galicia sobre a media estatal, ó pasar dun 3,2% en 1996 a un 2,4% en 2001. O País Vasco e Galicia foron as comunidades onde o aumento do número de inmigrantes foi menor.

Dentro de Galicia, as provincias de Pontevedra e A Coruña son as que rexistran un maior número de inmigrantes en termos absolutos, aínda que se se mide tendo en conta a poboación de cada provincia, a porcentaxe é maior no caso de Ourense que no de A Coruña. A proximidade a Portugal é a explicación a este feito.

2.- Respecto á **procedencia da inmigra-**



ción, Portugal achega o 67% dos residentes comunitarios a Galicia no ano 1999 e o 36,6% do total de estranxeiros. Italia e Francia son os seguintes países comunitarios en importancia, pero a moita distancia: 6,6% e 5,6%, respectivamente.

Os inmigrantes procedentes de Iberoamérica son o seguinte grupo en importancia en 1999, co 28,8% do total e cun incremento respecto do ano anterior do 16,2%. As persoas procedentes de África, cun 12,2%, convértese no terceiro grupo. Ademais dase un forte incremento da súa presenza en Galicia desde o ano anterior, concretamente dun 20,2%. As persoas procedentes de África localízanse maioritariamente na provincia de Pontevedra, onde reside o 42,6% do total.

3.- Con respecto ás **características da inmigración** en Galicia, o 82,5% dos inmigrantes estranxeiros están en idade activa, o que reforza o argumento de que son as causas económicas as que motivan, principalmente, os desprazamentos.

Por sexos, o 52,7% son homes e o restante 47,3% mulleres; nembargantes, destaca no período 1998-1999 o maior incremento na chegada de mulleres, 13,3%, que de homes, 8,9%. O 63,4% dos permisos concedidos no ano 1999 foi a homes.

Por outra banda, cabe destacar a clasificación dos estranxeiros residentes en Galicia en función do tipo de réxime administrativo ó que están adscritos. Neste senso, e tendo en conta que o réxime comunitario inclúe ós nacionais de países membros da U.E e ós familiares dos mesmos, o 73,5% (16.547) dos estranxeiros residentes en Galicia no ano 1999 están adscritos ó réxime comunitario, pertencendo ó réxime xeral o 26,5% restante (5.976).

4.- No que atinxe a **actividade económica**, no ano 1999, a taxa de actividade da poboación estranxeira adscrita ó réxime xeral é dun 57,6%, dos que o 69,7% traballa por conta allea (considerando que a distribución porcentual de idade dos estranxeiros residentes é igual tanto para os afectados polo réxime comunitario como para os do réxime xeral).

As concesións de permisos de traballo redúcense paulatinamente ata 1999, cando comeza a recuperación. No ano 2000 son 1.770 o número de permisos concedidos en Galicia. Polas categorías profesionais onde están clasificadas estes permisos de traballo obsérvase que a maioría dos inmigrantes veñen a desenvolver traballos pouco cualificados: máis do 60% do total desenvolverían traballos así considerados. Tan só un 4,2% dirixen empresas.

Dos que traballan, un 78% do total o fai no sector servizos, seguido do sector agrario, co 8,5%, industria, 6,7%, e por último, a construción, que acolle ó 4,3% do total.

O CES considera que ditas porcentaxes contrastan coas que se derivan da distribución sectorial do continxente para o ano 2002 nas catro provincias galegas. Neste senso, o 56,6% do continxente total corresponde a traballadores temporais destinados á industria da madeira da provincia de Lugo. Dentro do continxente de traballadores estables, o 55,4% dos mesmos pertencen ós subsectores da madeira e á pesca na provincia de Lugo, repartíndose o 44,6% restante do seguinte xeito: 32% destinado ós subsectores da agricultura e á industria do metal na provincia de Ourense, o 8,9% no subsector pesqueiro na provincia de Pontevedra e o 2,9% ó sector servizos na provincia de A Coruña.

5.- No que respecta á **emigración galega** fóra do Estado español, este é escasa, pasando de 508 persoas en 1998 a 525 en 1999. O 99,1% do total diríxese a países europeos. A pesar de non ser moi significativa en termos absolutos, salienta o feito de que o 81,3% dos emigrantes do Estado español a Europa son galegos.

Hoxe en día, máis importante que a emigración ó exterior, é o **retorno de emigrantes**. A Galicia volven o 18,6% do total de retornados a nivel estatal, o que dá un primeiro sinal da importancia que tivo a emigración en Galicia en décadas pasadas. En 1999 retornaron 6.607 persoas, das que o 68% procedía de países europeos e o 32% restante de fóra de Europa. A explicación está en

que a emigración máis recente foi a Europa e tiña carácter temporal.

Tomando datos do Censo Electoral de Residentes Ausentes (coas limitacións que esto supón ó non considerar ós menores de 18 anos e ós non censados), no ano 2001 están inscritos 244.555 galegos residentes no estranxeiro con dereito a voto. O 64% reside no continente americano (na Arxentina o 44,4% do total do continente, seguida de Uruguai, co 18,5%) e o 35,1% en Europa (Suíza, co 41,4% dos residentes en Europa con dereito a voto, seguida de Alemania e Francia, co 16,6% e o 16,4%, respectivamente)

Políticas de integración

1.- A Lei orgánica 4/2000, modificada pola Lei 8/2000 considera conxuntamente o control dos fluxos como a integración dos residentes estranxeiros e o desenvolvemento dos países de orixe.

Na citada lei, recóllense os artigos dedicados á coordinación dos poderes públicos en materia de inmigración a través do Consello Superior de Política de Inmigración e do Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, que ten funcións consultivas.

O CES considera que o Real Decreto 367/2001, de 4 de abril, polo que se establece a composición, competencias e réxime de funcionamento do **Foro para a Integración Social dos Inmigrantes**, non desenvolve axeitadamente a participación dos axentes sociais prevista no artigo 70 da Lei orgánica 4/2000, na que se configura o foro como un órgano de consulta e información. No desenvolvemento da composición no Real Decreto 367/2001, a participación dos axentes sociais minimízase, xa que a Administración Pública se reserva o protagonismo no proceso de designación dos compoñentes de dito Foro.

O citado Foro está adscrito, nestes momentos, ó Ministerio de Interior. As comunidades de Madrid, Illas Baleares, Canarias, Murcia e Andalucía crearon foros semellantes ó estatal delimitando o ámbito de actuación ó interior da comuni-

dade. Existen comunidades como a de Cataluña e Murcia que levaron a cabo actuacións importantes parellas a estes foros.

O CES considera conveniente a creación dun órgano de análoga natureza ó “Foro” na Comunidade Autónoma de Galicia, delimitando ó ámbito de actuación ó interior da comunidade autónoma, para que non exista un baleiro normativo en Galicia en relación ás comunidades nas que xa se implantou.


2.- No que respecta ás políticas de **integración social** de inmigrantes, os inmigrantes son incluídos no *Plan galego de inclusión social 2001-2006* como un grupo de acción prioritaria para a erradicación da pobreza e da exclusión social en Galicia. Nesta mesma liña de actuación está o “Programa de atención a inmigrantes en exclusión social” que regula o réxime de axudas a este colectivo, pero tan só contou con 15 millóns de pesetas no ano 2001.

No eido das políticas de axudas ós emigrantes galegos, existen plans e programas de actuacións para galegos residentes no exterior: dende axudas asistenciais individuais, axudas a reencontros, cursos...

Un tema a considerar dentro das políticas de integración social dos inmigrantes é a necesaria elaboración dun “programa específico de integración laboral de inmigrantes”, consensuado cos axentes sociais.

3.- A atención á **diversidade cultural** débese considerar como un elemento imprescindible para acadala igualdade de oportunidades. Neste senso, débense levar a cabo medidas de atención á diversidade cultural nos centros escolares que, en todo caso, deben ser curriculares e organizativas.

É imprescindible, polo tanto, que os centros educativos gocen dunha autonomía curricular e organizativa que, exercida responsablemente, resulte suficiente para atender á diversidade cultural de forma contextualizada. A Consellería de



Educación e Ordenación Universitaria deberían desenvolver un plan integral de atención á diversidade, con medidas ordinarias e extraordinarias, que permitan estruturar sistemas de apoio ó alumnado, a partir duns obxectivos prioritarios consensuados polo centro.

4.- A Consellería de Emigración créase polo Decreto 306/2001, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. O Decreto 310/2001, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, establece os seguintes órganos superiores: Secretaría Xeral, Dirección Xeral de Emigracións e Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Chama a atención que non se centralizara todo o referente a movementos migratorios nesta consellería. De feito, a inmigración segue sendo competencia da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

5.- Como *resumo final* ó contido deste informe, o CES considera que os movementos migratorios dentro da comunidade autónoma e de Galicia con España e co resto do mundo teñen que ver fundamentalmente con motivos económicos e, en concreto, coa capacidade dos territorios afectados de xerar emprego.

Dentro dos motivos económicos dos movementos migratorios, cabe distinguir a “mobilidade territorial voluntaria”, decidida para mellorar as condicións de traballo, da “mobilidade territorial obrigatoria”, decidida para atopar un posto de traballo. Esta última é a que debe ser obxecto de políticas activas de emprego.

Un alto grao de “mobilidade obrigatoria” é o resultado dunha situación económica que dificulta que o mercado de traballo de Galicia teña capacidade para absorber as persoas formadas en Galicia e, por outra banda, é o resultado dun modelo educativo que debe adecuarse máis flexiblemente, na oferta das súas cualificacións, á demanda global do mercado laboral da comunidade autónoma.

Os programas de adaptación das políticas activas de emprego ós efectos do cambio demográfico deben potencia-la empregabilidade da poboación activa facilitando a súa transición do mundo educativo ó mundo laboral.

O CES considera que a mobilidade territorial dentro de Galicia, na súa vertente de Galicia interior e Galicia-costa e cara ás sete comarcas máis importantes, é a máis significativa cuantitativa e cualitativamente e debe ser obxecto prioritario nas políticas da Xunta de Galicia. De acordo co Informe-opinión 2/01 do CES-Galicia sobre o *Plan de revitalización demográfica de Galicia (bases)*, unha das políticas fundamentais debe ser a de fixación da poboación no medio rural, tanto a partir da mellora da súa calidade de vida como de medidas de desenvolvemento rural e creación de emprego que impulsen saldos migratorios positivos.

Respecto á política de inmigración, considérase que debería abordarse unha mellora da información sobre a evolución futura do emprego de inmigrantes de réxime xeral, nas empresas por tipos concretos de ocupación e niveis de cualificación. Esta cuestión é significativa se se considera que en Galicia, cunha taxa de desemprego elevada, as empresas están a solicitar continxentes de traballadores estranxeiros. Neste senso, considérase necesario que se incremente as garantías dos traballadores estranxeiros cunha “relación de confianza”.

O aumento de inmigrantes do réxime xeral en Galicia nos últimos anos fai necesario que a política de continxentes esté relacionada coas necesidades reais das determinadas actividades económicas e coa situación de emprego na comunidade autónoma.

O CES considera necesaria a vixilancia do cumprimento da normativa laboral a través de actuacións concertadas de empresarios e sindicatos para eliminar prácticas ilegais de contratación e condicións de traballo.

O CES considera tamén necesaria a axilización dos permisos de residencia e de traballo,

incrementando os medios materiais e humanos das oficinas provinciais de estranxeiros.

O CES quiere deixar constancia da importancia da poboación galega que reside no estranxeiro, moita dela en países en dificultades económicas, que debe ser atendida e informada das posibilidades que teñen no seu país de orixe, polo que debe demandarse a mellora dos consulados de España no mundo, para que funcionen como verdadeiros centros de información e atención, así como o establecemento de liñas de axuda específicas para as persoas con maiores dificultades para subsistir. ■